



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

VICERREITORÍA DE ESTRATEXIA  
E PLANIFICACIÓN ECONÓMICA

**INSTRUCCIÓN SOBRE A TRAMITACIÓN DE GASTOS DE MANUTENCIÓN E ALOXAMENTO DOS INVESTIGADORES PERTENCENTES Á ADMINISTRACIÓN E INTEGRADOS EN EQUIPOS DE INVESTIGACIÓN DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA QUE NON SEXAN PERSOAL PROPIO DESTA UNIVERSIDADE**

A compensación dos gastos de manutención e aloxamento dos investigadores pertencentes a equipos de investigación da Universidade da Coruña que non sexan persoal propio desta Universidade regúlase polas R.R. 11/04/1997 e 05/05/2000. Na aplicación desta normativa xurdiron dúbidas de interpretación, que o propio Servizo de Intervención recomenda aclarar.

Tras a análise da normativa e da posición do MEC ao respecto da compensación dos gastos de viaxe, esta Vicerreitoría considera que o tratamento do persoal investigador alleo á Universidade da Coruña pero pertencente á Administración é compatible con esta. Así mesmo, considera desexable flexibilizar o procedemento de pago para axilizar a xestión.

En consecuencia, esta Vicerreitoría, unha vez consultada a Vicerreitoría de Investigación, **RESOLVE:**

Que os gastos de manutención e aloxamento dos investigadores pertencentes á Administración e integrados en equipos de investigación da Universidade da Coruña que non sexan persoal propio desta Universidade poderán compensarse por medio de facturas de manutención e aloxamento ou mediante indemnizacións por razón de servizo (Decreto 299/1990), recibindo un tratamento análogo ao do persoal da nosa Universidade.

A Coruña, 15 de outubro de 2005

O VICERREITOR DE ESTRATEXIA E PLANIFICACIÓN ECONÓMICA

Asdo: Angel S. Fernández Castro